

PARTICIPAR PARA COIDAR

FASE 3: A pel do mundo



FASE 3

A PEL DO MUNDO

Guía Docente

Idea e contidos:

Marta Casal Cacharrón, técnica de Arquitectura sen Fronteiras

Coordinación e revisión:

Grupo de Educación de Arquitectura sen Fronteiras Galicia

Ilustracións e maquetación:

Lucía Escrigas

Licenza creative commons:

Recoñecemento – Non comercial – Compartir Igual (BY-NC-SA). Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Data e lugar da publicación:

A Coruña, decembro 2023

1. Índice

1. Obxectivos	6
2. Estrutura	7
3. Marco de contidos	8
3.1. A vida no centro: tamén na educación	8
3.3. Ecofeminismo ou barbarie	12
3.4. Convertir a necesidade en desexo	23
4. Desenvolvemento das actividades	31
4.1. Sesión 1. Economía dos coidados e interdependencia	31
4.2. Sesión 2. Ecodependencia e Nova cultura da Terra	37
4.3. Sesión 3. Un mundo de moito coidado	43
5. Listaxe de ilustracións	49
6. Referencias bibliográficas	50
7. Outros recursos	52

1. Obxectivos

Nesta fase os obxectivos pasan porque o alumnado coñeza e reflexione sobre os seguintes contidos.

- Ser conscientes do modelo socioeconómico neoliberal actual e a súa dimensión de relacións N-S
- Ser conscientes do seu impacto sobre a vulneración dos Dereitos Humanos e do Dereito a un hábitat digno e coidador para as persoas, as relacións e a contorna
- Coñecer modelos alternativos a éste modelo ou paradigma desde as propostas do ecofeminismo e o ecoloxismo social.
- Tomar conciencia da responsabilidade colectiva e individual no mundo que producimos e reproducimos. Identificar a nosa capacidade de axencia.

2. Estrutura

Sesións	Contidos	Tempo
1. A bolsa ou a vida	A división sexual do traballo A economía dos coidados Interdependencia vs BBVA	50'
2. No limits?	Ecodependencia Desigualdade social e responsabilidade desigual: unha cuestión interseccional	50'
3. Un mundo de moito coidado	Paradigma extractivista e colonialista nas relacións Norte- Sur Alternativas prácticas cara un modelo coidador das persoas, das relacións e da contorna Máis alá de reciclar: decrecemento con enfoque ecofeminista	50' +

3. Marco de contido

3.1. A vida no centro: tamén na educación

No proxecto **Participar para coidar** partimos da necesidade de contribuir a este propósito desde o tronco do Dereito ao hábitat digno. Nos materiais correspondentes ás [fases 1 e 2](#) nos detivemos no que consideramos un hábitat digno e coidador e como este aporta, ou non, a cubrir as necesidades das persoas, das relacións comunitarias inclusivas e da contorna.

Cando falamos da vida no centro, tamén na educación, podemos referirnos a múltiples dimensións da mesma e dos espazos e relacións nas que acontece. Podemos falar de como o deseño dos espazos e tempos educativos contribúen a facilitar os coidados das necesidades da comunidade educativa; de como coidan estes espazos da inclusión e da diversidade, de velar pola igualdade de oportunidades; podemos falar de modelos organizativos nos centros que atendan e recoñezan a diversidade de procedencias, sexo-xenéricas, de capacidades e formas de funcionar; podemos falar dun sentido e visión que pretenda a superación das desigualdades, que elimine barreiras e promova a igualdade de oportunidades; podemos falar de escolas democráticas que deseñen os seus espazos, dinámicas e procedementos para facilitar a participación da comunidade educativa, etc.

Tamén podemos falar do currículo e dos contidos que a educación ofrece. Neste sentido esta proposta quere aportar contidos que permitan reflexionar críticamente sobre o modelo social actual, para apuntar a futuros posibles e desexables.

Poñer a vida no centro é un dos principios e aspiracións fundamentais do pensamento ecofeminista e da educación ecosocial. Poñer a vida no centro implica entrar nun paradigma de organización social, económica e cultural na que o foco se pon na reprodución da vida o seu coidado e sustentabilidade. Plantexa a insostenibilidade do modelo actual, visibilizando a multidimensión da crise actual: sociais, climáticas, ambientais, de coidados, políticas, así como a xeneración de inxustizas, desigualdades e opresión múltiples.

De extenso percorrido teórico e práctico acollémonos ao **ecofeminismo como unha corrente de pensamento e un movemento social que explora os encontros e posibles sinerxías entre ecoloxismo e feminismo**. *A partir deste diálogo, pretende compartir e potenciar a riqueza conceptual e política de ambos dous movementos, de modo que a análise dos problemas que cada un dos movementos afronta por separado gaña en profundidade, complexidade e claridade* (Puleo, 2011).

É unha filosofía e unha práctica que defende que o modelo económico e cultural occidental desenvolveuse de costas ás bases materiais e relacionais que sosteñen a vida e que *“se constituiu, constituíuse e mantense por medio da colonización das mulleres, dos pobos estranxeiros e das súas terras, e da natureza”* (Vandana e Mies, 2013).

Ademáis do movemento ecofeminista, son moitas as entidades e colectivos que levan desenvolvendo un traballo neste sentido para levar ao currículo, á transformación organizacional dos centros educativos, á educación formal e non formal os principios e prácticas que implican poñer a vida no centro.

Pedagogía dos coidados e educación ecosocial

Queremos mostrar aquí algunhas referencias de entidades ás que lles debemos moita inspiración e aprendizaxe, non son todas as que son, pero desde elas se pode iniciar unha vía de indagación para profundizar.

Destacamos o papel na educación ecosocial que desenvolveu nas últimas décadas FUHEM (<https://www.fuhem.es/>), elaborando [materiais propios](#) e facendo incidencia para a incorporación deste enfoque ao currículo educativo. Atopamos moita afinidade coa proposta de FUHEM (2017) que expón unha definición posible da educación ecosocial:

Enfocada á resolución dos problemas sociais, económicos e ecolóxicos, unha educación que se centre na consecución do benestar para todos e todas, na que as persoas sexan capaces de percibirse como ecodependentes e que sexan conscientes das profundas interdependencias que nos permiten estar vivas. Referímonos a unha educación construída sobre os piares que permiten soste a vida. Unha educación que sitúe a vida no centro da reflexión e da experiencia, que permita vincularse ao territorio próximo e á comunidade, que desenmascare e denuncie o actual modelo de desenvolvemento e permita imaxinar, construír e experimentar alternativas.

Por outra banda está o traballo que ven realizando a [Fundación InteRed](#) sobre a pedagogía dos coidados, baseándose tamén na teoría e prácticas do feminismo, ecofeminismo e ecoloxismo social e levando todo isto a propostas pedagóxicas para implementar na educación formal e non formal. Destaca a súa campaña [Actúa con Coidados \(2012-17\)](#) que deu froito a investigacións, guías e materiais didácticos de moito interese.

[Teachers for future](#) é un colectivo creado por docentes de primaria e secundaria que comparten preocupación pola emerxencia climática e se articulan para propoñer propostas de educación transformadora neste campo. Son docentes que comezan a agruparse, previamente, no blog de educación ambiental El Guiño Verde. Tras a que se deu en chamar “Primaveira climática”, se constituíron como Teachers for Future (España), formando parte dunha rede internacional que descubriron nese momento. Partían da preocupación pola baixa conciencia e coñecemento ambiental da infancia e mocidade que como a súa coordinadora, Mirian Leirós, expresa “*Coñecían mellor as marcos e logos da moda que as aves comúns que podían observar na súa contorna*” (Mirián Leirós Ponencia no [VII Seminario HaeH](#)).

Expoñen propostas de educación e acción e aspiran a transversalizar a educación ecosocial, naturalizar o currículo e levar iniciativas de prácticas coherentes con condutas ambientalmente respetuosas na xestión dos propios centros educativos, nos que a R de reciclar sexa a última opción fronte a redución do consumo e a mudanza de hábitos.

Outros colectivos como [Ecoloxistas en Acción](#) levan décadas traballando no eido socioambiental e educativo. Nos últimos anos moi intensamente cunha perspectiva feminista a través dun grupo específico cuxo aporte é esencial para o desenvolvemento do movemento ecofeminista no estado. [Yayo Herrero](#), membro da organización, é unha das máximas referencias do ecofeminismo no estado e ofreceu as teses e plantexamentos principais deste enfoque aplicado á educación no marco do VIII Seminario HaeH que organizamos neste fase 3 do proxecto Participar para Coidar. [Marta Pascual](#), responsable da área de educación de Ecoloxistas en acción nos aporta reflexións, contidos e ideas no VII Seminario HaeH que organizamos tamén neste proxecto. Vos convidamos a escoitalas para aprofundar na formación e contidos sobre esta temática.

Recomendamos o material elaborado por esta entidade que recolle preguntas poderosas, desafiantes e educativas “[99 preguntas y 99 experiencias para un mundo justo y sostenible](#)”. Material parecemos moi estimulante e complementario ao conxunto das unidades didácticas Participar para Coidar, xa que se ofrecen preguntas e experiencias organizadas en tres bloques moi en liña coas fases deste material. Abordan cuestións de Desenvolvemento persoal (posibilidade de relacionalo coa *Fase 1 Habitando a propia pel*); Desenvolvemento comunitario (*Fase 2 Pel con Pel*) e Mundo e sostenibilidade (*Fase 3 A pel do mundo*).

Lomloe

As entidades mencionadas anteriormente estiveron traballando e facendo aportes para a inclusión e desenvolvemento do enfoque ecosocial na última reforma educativa que deu lugar á LOMLOE, en decembro do 2020. Se ben coinciden en que ésta podería ter sido máis ambiciosa, poñen en valor a introducción de conceptos que teñen certa profundidade apelando aos coidados do medio, a corresponsabilidade do e ante o mundo que temos e que necesitamos, e ao cambio climático. Subliñan que non soamente se contempla este enfoque de xeito transversal no proxecto educativo de centro, senón que deixa moita marxe para introduci-lo de xeito específico en materias relacionadas co coñecemento do medio físico e social, ou a educación física.

Agora ben, a súa concreción dependerá en boa parte das CC.AA. polas competencias transferidas, como da vontade e sensibilidade do profesorado e a súa habilidade para transversalizar estes contidos.

Un bo comezo para isto pasa pola naturalización do currículo ante unha cidadanía que somos cada vez máis analfabetas en cuestións ambientais e naturais, especialmente nas grandes cidades onde nos concentramos cada vez máis; tamén por comen-zar analizando e intentando levar unha organización e xestión dos centros educativos coherente con este paradigma e valores, introducindo prácticas e mudando hábitos que contribúan a coidar das persoas das relacións e da contorna. Neste aspecto os materiais de [Teachers for future](#) aportan ideas de interés.

A educación ecosocial, non só é unha educación ambiental, senón que atende a interdependencia entre o medio físico e natural e o social. Unha educación sentida, situada, significativa e que se nutre de, e inflúe na contorna próxima é fundamental. Ao tempo que se traballa desde o local, é necesario que se posibilitan ferramentas e coñecementos para analizar o impacto das condutas individuais e colectivas no global. Dunhas sociedades, noutras zonas e poboacións do planeta. Esta é parte da esencia da educación para a cidadanía global e a transformación social.

3.2. Ecofeminismo ou barbarie

O ecofeminismo forma parte troncal do pensamento e das propostas prácticas para a reflexión que fan parte deste material educativo. Este pensamento e movemento político e social está na base dos traballos e froitos dos colectivos aos que nos referimos no anterior apartado.

A primeira vez que aparece o termo ecofeminismo é en 1974 coa publicación do libro *Feminismo ou a morte* de Francoise D'Eauboune. Foi no contexto de guerra fría, desenvolvemento das nucleares, e de xurdimento de movementos neocoloniales. O pensamento ecofeminista, neste contexto, se nutre das ideas do pacifismo, a loita antinuclear e as utopías feministas que falaban de sociedades libres de opresión para as mulleres, pero non só. Falaban de sociedades non xerárquicas e non militarizadas.

Foi un movemento con pouca presenza e influencia ata hai uns 15 anos que despega da man da crisis multisistémica que comeza a emerxer e facerse visible de xeito xeralizado desde o eido enerxético, financeiro, dos coidados, climático, etc. Comeza a ocupar un espazo máis central e de influencia tanto no pensamento ecoloxista como non propio feminismo.

Se desenvolve de xeito significativo en países do Sur, ligado a defensa do territorio e da vida das mulleres e nenas. As tarefas cotiás destas no sostén da vida, as coloca nunca situación de maior vulnerabilidade e reciben de xeito máis directo o impacto das políticas extractivistas dos bens naturais dos seus territorios, así como as catástrofes climáticas que se derivan destas.

Se ben existen varias correntes dentro do ecofeminismo, nos ubicamos nunha proposta que poña as condicións para a reprodución e coidado da vida das persoas, das comunidades e do planeta non centro das decisións sociais, económicas e políticas. Un ecofeminismo que nos permita visibilizar e recoñecer o que o sistema neoliberal e patriarcal oculta, que permita unha análise crítica dá realidade e propostas alternativas de construción socioeconómica e cultural.

Abandonar a lóxica androcéntrica e biocida na que estamos inmersas obriga a responder as preguntas ineludibles:

- Que necesidades hai que satisfacer para todas as persoas?
- Cales son as producións necesarias e posibles para que se poidan satisfacer?
- Cales son os traballos socialmente necesarios para iso?

Repotar a estas preguntas implica unha mudanza radical. Abordar un proceso de reorganización do modelo produtivo e de todos os tempos e traballos das persoas. **Un novo paradigma socioeconómico, ambiental, cultural e educativo baseado nas ideas de ecoddependencia, interdependencia, vulnerabilidade, diversidade, interseccionalidade, xustiza social e coidados.** Imos a dar unhas pinceladas sobre algúns destes conceptos que nos permitan acompañar as reflexións que plantexan as actividades desta unidade.

Economía feminista

O pensamento ecofeminista se nutre do traballo feito desde a economía feminista para ofrecer unha perspectiva crítica da economía hexemónica.

A economía é unha disciplina cun forte carácter político que ten adquirido no seu enfoque capitalista e neoliberal absoluta hexemonía no contexto e momento que vivimos. De feito é popular a expresión de que *“nos resulta máis fácil imaxinar o fin do mundo que o fin do sistema capitalista”*. Pero ademais do eixo capitalista do noso modelo económico, éste ten tamén unha dimensión patriarcal. Sobre ésta pon atención a análise da economía feminista e sobre a interacción entre ambos eixes, capitalista-patriarcal. Xurde na década dos 70, no seu final, pero adquire moito peso e influencia dentro do propio pensamento feminista nos últimos 15 anos tamén.

A economía feminista ten dúas lineas principais. A integración e a ruptura.

A integración pretende integrar ás mulleres ao modelo de desenvolvemento existente, diminuíndo as brechas de participación, acceso e control dos recursos por parte das mulleres respecto dos homes. Sería incorporar ás mulleres ao modelo hexemónico sen cuestionalo en esencia.

A ruptura implica un cuestionamiento crítico global ao modelo de desenvolvemento capitalista e patriarcal en sí, que se sustenta sobre a explotación das mulleres, de gran parte da humanidade e o planeta. Desde un enfoque ecofeminista é a posición rupturista a máis coherente e que detallamos aquí. Destacar os seguintes elementos que a caracterizan:

- Pon en cuestión o enfoque neoclásico da economía que define a ciencia económica como a ciencia da elección individual e racional.
- Cuestiona os supostos criterios de “neutralidade” ou de “obxectividade” da ciencia económica ortodoxa e dominante.

- Denuncia o androcentrismo da disciplina económica. Fala do “Homo económicos” como aquel suxeito supostamente movido por decisións racionais e que exclúe ás mulleres como suxeitos económicos.
- Introduce, na análise do modelo económico, a análise das relacións de xénero e as desigualdades nas que se basea e que xorden del.
- Identifica, visibiliza e pon en valor o traballo realizado polas mulleres e nenas no mundo.
- Se centra así na análise da división sexual do traballo e na división internacional do traballo.
- Evidencia que o sistema económico se sostén sobre o traballo de coidados, principalmente feminizado, que atende ás persoas, ás comunidades e á natureza.
- Un traballo invisible e non valorado social nin economicamente e que se fixo, e fai, principalmente, no marco de coidados no fogar de xeito gratuíto (Economía dos afectos).
- Sinala como, coa incorporación das mulleres ao mercado laboral formal, algúns destes traballos de coidados saen ao mercado e continúan nunha posición de traballados pouco valorados e recoñecidos económica e socialmente (emprego doméstico; empregos de coidados de persoas dependentes, infancia; limpeza; educación, etc).
- Pon o foco no espazo privado, na reprodución social e o coidado da vida como condicións imprescindibles para que o sistema económico funcione. Sen isto non hai sostén do espazo público e das actividades productivas, valoradas social e economicamente, que nel se desenvolven.
- Para que haxa persoas con capacidade de producir para o sistema económico hai por debaixo todo un traballo de sostén da vida, de coidados, físicos, emocionais, individuais e colectivos que fan posible que as persoas cheguen a adultas en condicións de producir cada día.

Así, a economía feminista plantexa un novo paradigma que fai pasar da invisibilidade ao foco ás actividades esenciais para o coidado da vida e ao seu papel como sustento de todo o que presenta a esfera pública, productiva e masculinizada da que se ocupa a ciencia económica dominante.

A Figura 1 do iceberg da economía feminista representa ben esta idea.

O iceberg visibiliza a parte oculta dun modelo pero tamén revela a falacia da idea do **BBVA**.



Figura 1

De qué falamos?

Falamos da idea do modelo de “individuo autónomo”, tan sobrevalorada na nosa cultura, como un mito representado nese “homo economicus” e “home champiñon” como medida e centro da humanidade.

Esa idea ficticia de “individuo” que é o centro da economía e da cultura neoliberal e patriarcal e que correspondería coas características e a posición de privilexio do *Burgés, Blanco, Varón e Autónomo (BBVA)*. A economía feminista, precisamente, pon de manifesto os privilexios sobre o que se sostén este “individuo”, boa parte dos cales descansan nese traballo feminizado, moitas veces racializado, invisibilizado, gratuito ou mal pagado de coidados.

Frente a falacia da autonomía, a economía feminista nos trae a idea da **interdependencia**, esencial para unha análise ecofeminista do presente e a construción de modelos organización social e económica posibles e viables para o futuro.

Non existe a autonomía, todas as personas dependemos unhas de outras en maior ou menor medida ao longo da nosa vida. E en moitos momentos a nosa dependencia dos coidados de outras persoas é imprescindible para vida mesma. A economía androcéntrica se ten desenvolvido na idea dun mito, cega a esa parte enorme do iceberg que a sostén, sin a que todo o modelo colapsaría.

Introduce o feminismo o concepto de **economía dos coidados**, que pasa por analizar e poñer en valor como parte da economía todas esas actividades esenciais para a vida e que sosteñen a esfera visible, productiva e masculinizada que ilustra a figura do iceberg.

Da conta e pon de manifesto o **conflicto ou contradición CAPITAL-VIDA** no que estamos inmersos como sociedade. Temos un modelo económico perverso que medra e acumula riqueza a expensas de dañar as condicións de posibilidade para a vida e de xenerar desigualdades.

Un modelo, cuxas premisas implican que, se coidamos da vida, de nós mesmas e da terra que nos acolle, cae. Atrapadas neste conflito Capital-Vida o ecofeminismo trata de vislumbrar outras alternativas para un mundo vivible, para que teñamos vidas que merezan a pena ser vividas.

A economía feminista, na súa proposta mais rupturista e crítica aposta polo cuestionamento das propias actividades priorizadas na esfera productiva, cuestionando todas aquelas que son perxudicias para a vida desde un enfoque

ecosocial e feminista. Tamén aposta por pensar como redistribuir e reorganizar os tempos e os traballos e a rendas de forma mais equitativa.

Un traballo inxente se ten feito coas investigacións sobre os [usos diferenciais por sexo dos tempos](#) e a contabilización dos traballos de coidados nas economías. Isto foi esencial para estimar cal sería o seu valor no PIB. En España os datos revelan que de media [o traballo de coidados equivalía a un 40% do PIB](#).

A economía feminista introduce a idea de **crise dos coidados** que forma parte da crise multisistémica que estamos vivindo. Se produce por non ter asumido este sistema o papel esencial dos coidados para as nosas vidas ante a evidencia de tensións producidas por varios cambios nas nosas sociedades.

Cambios no sistema tradicional de división do traballo por sexos, incorporándose masivamente as mulleres ao ámbito público cos conflitos que implica poder soste todas as esferas da vida. A principal fonte de cobertura tradicional dos coidados desaparece en boa parte da xornada diaria e socialmente e políticamente non damos alternativas á medida que se precisa.

O sistema económico segue actuando de espaldas a esta dimensión e imos parcheando:

- Sobreexplotación das mulleres con dobre ou triples xornadas dentro e fora da casa.
- Un impacto enorme na baixada da natalidade.
- Nos “coidamos” modelos institucionalizados moi pouco humanizados.
- Acudindo a mulleres de estratos máis desfavorecidos para cubrir estas tarefas a baixo coste.
- Estimulamos unha demanda trasnacional que da lugar a unha feminización das migracións nas última décadas cara o noso país con esta finalidade e establecendo [cadenas globais de coidados](#).

Amaia Perez Orozco, unha das máximas referentes da economía feminista do estado expón (Orozco. 2010):

É imprescindible introducir unha perspectiva transnacional na análise da demanda e provisión social de coidados.

As persoas móvense, o traballo no sector de coidados se internacionaliza. Así se constitúen as chamadas cadeas globais de coidados, entrelazamientos de fogares en distintos lugares do mundo que se transfiren coidados duns a outros.

A migración transforma os modos de coidar, os recursos dispoñibles para facelo, a forma de xestionar e comprender a familia e a m/paternidade, e os propios conceptos de que é coidar (ben).

Cada vez é maior o protagonismo de axentes supranacionais na provisión de coidados (empresas multinacionais, cooperación internacional, organismos multilaterais) e a deslocalización do sector.

Ecodependencia

O ecofeminismo e a economía feminista da ruptura tráennos os conceptos de vulnerabilidade, interdependencia e codependencia. *"Para un cambio radical é necesario recoñecernos como suxeitos eco-dependentes (non donos da natureza, senón parte dependente da mesma) e socialmente interdependientes; ninguén somos autosuficientes, ninguén podemos vivir illadamente comprando todo o que necesitamos no mercado grazas ao noso salario..."* (Orozco, 2010).

A figura triangular sitúa a ese mito do BBVA na cúspide e baixo él outras persoas atravesadas por factores de minusvaloración no noso modelo sociocultural e económico como o sexo, a diversidade cultural, funcional, etc. Un modelo xerárquico, antropeo e androcéntrico, no que outros seres vivos están por debaixo dos e das humanas. Un modelo que se corresponde con modelo patriarcal e capitalista que crece a base da explotación dos bens naturais e de dinámicas extractivistas da Terra como se fose infinita. O ecoloxismo, e mais concretamente o ecofeminismo pon no centro a idea de que como ningunha persoa é independente das outras, ningúna de nós somos independentes do planeta, dos ecosistemas, do resto de seres vivos, da natureza. A nosa vida depende de delicados equilibrios que estamos alterando drásticamente co noso modo de producir, consumir, e vivir.

A cultura antropocéntrica se converte nunha cultura suicida cando ademais a maioría da poboación mundial vivimos en cidades, cada vez mais desconectadas e analfabetas sobre o funcionamento dos ciclos da vida e da Terra . O que está en risco non é á vida da Terra, senón a vida humana na Terra.



Figura 2a

Para entender a complexidade da ecodpendencia e que vai moito mais alá da cuestión do cambio climático nos pode axudar a comprensión dos límites planetarios. En 2009 o [Stockholm Resilience Centre](#) estableceu este concepto como a capacidade da biosfera para recuperarse das perturbacións (ocasionados principalmente polas actividades humanas) e regresar a un estado de estabilidade. Se estableceron 9 límites:

1. Destrucción da capa de ozono
2. Cambio climático
3. Destrucción da biosfera
4. Contaminación química
5. Acidificación dos océanos
6. Os ciclos de fósforo e nitróxeno
7. Consumo auga doce
8. Cambios no uso do chan
9. Os aerosoles atmosféricos

Segundo o último análise do [Stockholm Resilience Centre](#) de setembro de 2023, seis deses límites están superados: cambio climático, contaminación química, ciclos de fósforo e nitróxeno, modificación dos usos do chan e destrución da biosfera e consumo de auga doce.

O enfoque científico para poder devolver estes límites a un lugar de posibilidade de vida na Terra implica a redistribución social de bens e recursos. Precisamos unha solución política para un problema, esencialmente, político. Pero precisamos tamén unha abordaxe cultural.

Neste aspecto temos moito que aprender das culturas que están en maior conexión e con maior coñecemento da vida natural. Non podemos apreciar e coidar o que descoñecemos. A naturalización do currículo do que falan entidades ecoloxistas resulta esencial. Tanto como poñer en cuestión a nosa cultura urbanita, consumista e ecocida. Para isto precisamos unha mudanza cultural, achegándonos a coñecer e poñer en valor culturas degradadas e desvalorizadas como as culturas rurais ou de pobos orixinarios que teñen unha relacións máis coidadosa co entorno, maior coñecemento e conciencia. Neste sentido a filosofía do ["Buen Vivir"](#), forxada nos pobos americanos, aportan crítica e alternativas ao modelo de desenvolvemento hexemónico desde a que construen a axenda dos [Obxectivos do Bo Vivir](#) como alternativa aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

OS 9 LÍMITES PLANETARIOS




Figura 3

Precisamos por tanto una transformación cultural e de valores. Dunha “Nova cultura da Terra” fala Marta Pascual de Ecoloxistas en Acción na súa intervención no VII Seminario Hábitat a escala humana que organizamos no marco deste proxecto educativo. Este plantexamento se desenvolve nun [libro e material educativo](#) cuxa presentación ten un gran valor formativo que pode verse [aquí](#).

Esta cultura integra esquemáticamente os seguintes rasgos:

1. **Decrecer na esfera material e enerxética:** o decrecemento é e será un feito. A cuestión é como facelo. Se de xeito traumático ou de xeito ordenado con criterios de xustiza e redistribución dos recursos e bens.
2. **Construir equidade social e comunidade:** actualmente a responsabilidade na crisis multisistémica é moi desigualdad. Un 10% da poboación planetaria somos responsables do 50% dos gases de efecto invernadorio, e polo tanto do modelo de produción e consumo que non atende aos límites planetarios. O impacto deste modelo o sufren tamén desigualmente, en maior medida, as poboacións máis vulnerables.
3. **Mantener a biodiversidade:** recisamos un cambio cultural que abandone o antropocentrismo e que considere a humanidade como parte dun sistema natural do que somos absolutamente ecodependentes. Esa diversidade biolóxica e a diversidade cultural que a pode soste é esencial para a vida humana na Terra.
4. **Vivir do sol actual:** rachar coa cultura petrodependente do norte global. Precisamos unha redistribución e equilibrio do consumo enerxético, unha redución e un cambio de modelo e fontes de enerxía.
5. **Pechar ciclos de materiais:** frear a xeración e acumulación de residuos na terra, mar e aire.
6. **Poñer a vida no centro:** recoñecermos como seres inter e ecodependentes, vulnerables e necesitados de coidados. Coidados que temos que recoñecer e poñer en valor, así como redistribuír entre todas as persoas. Impulsar a idea da esperanza de construír contextos e culturas onde vivir vidas dignas para todas as persoas dentro dos límites planetarios.
7. **Escribe tú sobre a terra:** chamando á participación nesta creación cultural de toda as persoas e comunidades para atender á diversidade social.

Cuestionar o noso marco cultural e de valores e o que nos vai permitir derrubar as barreiras e límites que nos dificultan imaxinar outros mundos posibles e vivibles, que nos dificultan hoxe en día desexar o que verdadeiramente necesitamos.

3.3. Converter a necesidade en desexo

Este foi o título do [VII Seminario Hábitat a Escala Humana](#) que desde ASF Galicia realizamos no marco do proxecto Participar para Coidar na súa fase 2 .

Esta frase refire a unha inquedanza que xorde no noso traballo nas aulas co alumando de 1º e 2º curso da ESO, traballando sobre as necesidades básicas e os satisfactores dun xeito crítico desde a perspectiva ecosocial.

Os satisfactores que o noso modelo capitalista ofrece para a cobertura de necesidades básicas atentan moitas veces ao coidado e benestar das persoas, das comunidades, da contorna e o medioambiente. O traballar de xeito crítico detectamos moita resistencia nas aulas a esta mirada crítica e una aspiración xeral a un modelo de consumo elevado, pouco crítico e coidadoso.

Cara o traballo co mesmo alumnado xa en 3º da ESO, no que aprofundamos no coñecemento e cuestionamiento deste paradigma de produción e consumo, nos preguntamos:

Como converter nun desexo individual e colectivo a necesidade de cambiar o noso modelo cara outro mais xusto e coidadoso coas persoas, as comunidades e a contorna?

O sociólogo [Bauman](#), un dos pensadores con mais trascendencia para explicar a sociedade das últimas décadas, define a sociedade de consumo como aquela na que o desexo é “alienado” do individuo para poñelo ao servizo do consumismo. O consumismo é pois un sistema de expropiación e explotación dos desexos humanos e se sustenta na confusión necesidades.

“A capacidade esencialmente individual de querer, desexar e anhelar debe ser separada (“alienada”) dos individuos (...) debe ser reciclada/reificada como unha forza externa capaz de pór en marcha e manter a “sociedade dos consumidores”. a súa dirección como forma específica da comunidade humana”

So despois de que a
última árbore sexa
cortada, só despois de
que o último río sexa
contaminado, só despois
de que se pesque o último
peixe, só entón descubrirás
que o diñeiro non se
pode comer.

Proverbio dos indios Cree de Canadá

Plantexámonos con este título como rescatar esa capacidade de desexar xenuína, reapropiarnos dela e poñela ao servizo dun modelo que cubra as necesidades humanas, que proporcione unha vida digna.

Facer “un mundo de coidado”, non é abordar o cambio climático, é abordar e atender ao cambio de todo, como nos indica o profesor [Pablo Meira](#) facendo referencia a escritora Margaret Adwood. Precisamos que as mudanzas que se requiren estén vencelladas, non so ao deber e necesidade, senon a ese desexo, no sentido de desatar o espírito vital, a ilusión e a esperanza. Non só nos plantexamos que o modelo actual é insostible, é tamén indesexable. Aínda que fose sostible material e ambientalmente se sustenta sobre relacións de dominación, explotación e xenera inxustiza e desigualdades de xeito sistemático.

Percibimos que esta mudanza necesaria é vista como non desexable, ligada a emocións e condicións materiais en negativo. Quixemos compartir con persoas do eido da investigación, educación formal e non formal e do activismo esta inqueda, reflexionar sobre elo e aprender dos seus percorridos e experiencias no VII Seminario HaeH e que recomendamos escoitar como contido complementario formativo e de reflexión para traballar a proposta deste material. Nos plantexamos estas preguntas de partida sobre as que intentamos indagar nas charlas:

- Que oportunidades nos trae este momento para cuestionar a “normalidade”, abrir fendas a outros paradigmas e á diversidade no social e no educativo?
- Que ética precisamos para mobilizar a transición ecosocial?
- Como educar criticamente e non quedar atrapadas na parálise, a ansiedade ou a depresión?
- Como reelaborar e resituar as ideas de vulnerabilidade, interdependencia, resistencia, poder, coidados ou afectos?
- Que educación precisamos para a vida neste novo paradigma?
- Que experiencias amosan luz no ámbito ecosocial? Cales son as sombras que nos atopamos?

Tras a experiencia nas aulas da ESO desenvolvendo e creando os obradoiros da [Fase 1 “Habitando a propia Pel”](#) e [Fase 2 “Pel con Pel”](#) un dos aspectos que identificamos xeraba máis rexeitamento no alumnado era a crítica aos factores do noso modelo de consumo de masas e produción extractivista. Tomamos datos de primeira man nas aulas que daban conta da superficialidade da educación respecto a crise e emerxencia do noso modelo

socioeconómico, a rapazada lle castaba plantexas outras propostas que fosen máis alá da reciclaxe. Identificamos unha alineación cos valores materialistas, en termos de Inglehart, que cabería esperar doutras épocas ou xeneracións e que nos sorprende.

A teoría de Inglehart sobre o [cambio de valores](#) a borda o tránsito dos valores materialistas (de escaseza/supervivencia) aos valores postmaterialistas (de autoexpresión, de emancipación). A teoría expón que as sociedades, a medida que se desenvolvían, proporcionaban a segmentos cada vez maiores da poboación unha seguridade persoal e económica sen precedentes.

Os valores postmaterialistas serían máis consonantes cos valores e presupostos do ecoloxismo social e o ecofeminismo, da xustiza social e da diversidade e liberdade. A *Enquisa mundial de valores* de Inglehart é longa e complexa, pero contén unha escala que inclúe 12 cuestións que a persoa debe priorizar e que poderían actuar como indicadores.

Escala valores materialistas

Loitar contra a subida de prezos.
Manter unha economía estable.
Loitar contra a delincuencia.
Manter unha alta taxa de crecemento económico.
Procurar que o país teña unhas forzas armadas poderosas.

Escala de valores postmaterialistas

Oportunidades de participar nas decisións que conciernen ao seu traballo e á súa comunidade.
Oportunidades de participar nas decisións políticas importantes.
Protexer a liberdade de expresión.
Procurar que as nosas cidades e o campo sexan máis bonitos.
Lograr unha sociedade menos impersonal e máis humana.
Progresar cara a unha sociedade na que as ideas sexan máis importantes que o diñeiro.

Tal e como revela o traballo do sociólogo Díaz Nicolás, J (2011) sobre a evolución dos estudos mundiais de valores de Inglehart, a “involución” cara valores materialistas vense dando nas últimas enquisas mundiais de valores elaboradas (199-2000 e 2007-2009). España atópase entre os países que ven retrocedendo nos valores postmaterialistas desde 1990 hasta a actualidade de xeito progresivo.

“...algunhas sociedades máis desenvolvidas están a experimentar cambios moi importantes nos niveis de seguridade persoal e económica, de maneira que as diversas formas de terrorismo, o aumento do crime organizado e da delincuencia cidadá, así como o incremento da temporalidade do emprego, o paro a partir de certas idades, as prexubilacións, os contratos «lixo» para os novos etc., están a incrementar a sensación de inseguridade persoal e económica en sociedades desenvolvidas, e tamén nalgunhas en vías de desenvolvemento. Por conseguinte, deberían esperarse cambios na orientación de valores na dirección dunha diminución dos valores postmaterialistas e un incremento dos materialistas (lei e orde, benestar social). Os datos recollidos nas últimas ondas dos estudos de valores de 1999-2000 e de 2005-2007 suxiren que nun número significativo de sociedades desenvolvidas pódese observar devandito cambio cara a valores materialistas ou de escaseza”

Asistimos a unha crise sistémica que está ampliando as brechas e desigualdades sociais e vivindo un “duelo” nos países enriquecidos coa toma de conciencia de que os niveis de desigualdade aumentan internamente e de que o modelo de consumo ilimitado rematou.

Os últimos anos foron especialmente reveladores polo impacto da pandemia e as súas causas, e a constatación dos datos que avalan, xa non unha crise, una [emerxencia climática](#). Tamén polo ascenso, que inclúe a xente nova, de opcións políticas e partidistas de extrema dereita que defenden posicións negacionistas respecto a valores que se identifican co feminismo ou o ecoloxismo. Emerxen discursos de odio e unha polarización social potenciada polas RR.SS.

Non en vano no 2023 a palabra do ano foi [Polarización](#), indicador da tendencia que ben forxándose a nivel social, político, mediático hai tempo e que a observamos nas aulas nestes anos de pandemia e postpandemia, así como ese despegue de posicións reactivas fronte a pensamentos e movementos transformadores como o feminismo ou o ecoloxismo.

A desigualdade aumenta, que non a pobreza global, senón o desigual reparto de recursos entre a poboación intra e internacionalmente. O [Coeficiente de Gini](#) da boa conta delo gráficamente e expresa como países ricos teñen altas cotas de desigualdade interna e isto unido aos elementos que referimos anteriormente xeran un caldo de cultivo no que a educación ecosocial e ecofeminista se fan vitais

A desigualdade, polarización, negacionismo se combinan cunha potenciación da cultura do medo funcional ao sistema capitalista e a unha preponderancia de produtos e discursos apocalípticos e distópicos na industria cultural que chega a mocidade a través de cine, videoxogos, música, etc.

Mesmo os discursos ambientalistas e científicos chegan a veces carentes dun filtro emocional e pedagóxico que permita asimilar e accionar cara a transformación. Daremos mais conta destes procesos e do impacto da información científica e racional cara a acción transformadora ou reaccionaria no material “Mudando Peles” da Fase 4.

O noso dilema con esta Fase 3 era como facer unha aproximación á situación da “Pel do mundo”, que revele a urxencia climática e social na que estamos sen xenerar rexeitamento, parálise, medo. Como acompañar un proceso que ofrezca alternativas e que sexa coherente coa vida no centro. Se ben esta é unha proposta puntual de traballo quixemos construír desde esa vontade, dando conta da complexidade pero tamén das alternativas que se abren.

Traballamos así desde a posta en valor dos coidados, da comunidade, da cooperación; as ideas centrais de interdependencia e ecodependencia. Elaboramos un material expositivo, “Un mundo de moito coidado”, que se presenta nesta unidade. Tomamos tres sectores productivo, tanto pola súa importancia estratéxica, como polo seu impacto contaminante. Estes temas nos permitían ademais tamén falar dos impactos das relacións extractivistas e das desiguais Norte-Sur.

Neste material educativo apelamos á proposta do [Decrecemento](#), como unha proposta desde o optimismo. Non se trata de enfocalo como unha proposta desde a carencia, senón desde a idea de “vivir con menos para vivir mellor”. Trátase dun medio cara a sustentabilidade que permita unha vida digna tanto nos países do Norte como do Sur. O Decremento, como medio, plantexa unha abordaxe para unha crise sistémica.

A idea do decrecemento nace de pensadores críticos co desenvolvemento e coa sociedade de consumo, incluíndo nesta crítica a do fracaso do desenvolvemento nos países empobrecidos, con autores como Vandana Shiva.

Toma forza como movemento en Francia nos anos 90. Exponse o decrecemento como un paraugas onde poder empezar desfacer o imaxinario común de que o crecemento é necesario para seguir adiante, un espazo onde desenvolver experiencias alternativas

Esta idea de decrecemento como chamado de atención urxente parécenos efectiva fronte á idea do desenvolvemento sostible que está a dar mostras dos seus límites e que o propio [ICPP](#) valora como incompatible coa vida e o coidado do planeta.

O concepto de sustentabilidade, ou de desenvolvemento sostible é dificilmente defendible desde posicións ecofeministas da ruptura. Este concepto xorde no ano 1972 no marco do Cume de Medioambiente Humano en Estocolmo. Expóñense xa os límites de crecemento e expónse a posibilidade de cambios, de realizar reformas para poder seguir mantendo o modelo capitalista, para que este modelo sexa sostible. O paso dos anos revela a incoherencia da formulación xa que o propio capitalismo baséase na extracción, a explotación e a acumulación dentro da lóxica do capital que está en contradición coa lóxica da vida e os coidados tal e como expón o paradigma ecofeminista.

Polo tanto desde aquí apelamos ao decrecemento de actividades perxudiciais para soste unha terra habitable e con xustiza social. Falamos de decrecer en desigualdade e crecer en redistribución. Crecer en servizos e actividades relacionados cos coidados das persoas e a contorna, a cultura, a educación, e o lecer. Temos moita marxe para crecer en benestar e bon vivir.

4. Desenvolvemento das actividades

4.1. Sesión 1. Emocións espaciais

Esta sesión propón traballar dúas actividades simultaneamente na aula. Distribuímos ao alumnado en grupos 6 persoas, aproximadamente. Podemos ter polo tanto dous grupos realizando unha mesma actividade e outros dous a outra. Isto nos permitirá na posta en común enriquecer con aportes entre grupos.

Se plantexan como dúas actividades complementarias que se reforzan entre sí para traballar as ideas principais desta sesión abordados no marco conceptual: **división sexual do traballo, coidados, interdependencia, economía dos coidados, conflito capital-vida.**

Outra opción e traballar con toda a aula en grupos unha soa actividade en cada sesión de 50 minutos, dependendo do tempo que queramos dar a cada reflexión, do funcionamento ou tamaño do grupo.

Actividade 1.1. Visto e non visto

Tempo:

O tempo total da sesión é de 50 minutos que no caso de simultaneas a actividade 1.1 e 1.2 se fai esta proposta de distribución:

- 5 minutos para explicar esta actividade
- 15 minutos de traballo en pequeno grupo
- 15 minutos de posta en común (Segundo o tempo dispoñible pode sair só un grupo con esta actividade e o outro aportar brevemente aspectos diferentes)
- 10 minutos de peche conxunto actividade 1.1 e 1.2

Material necesario:

- Ilustración 1. Iceberg da economía feminista (accesible no documento de ilustracións para imprimir [aquí](#))
- Preguntas xeradoras impresas para guiar ao alumnado
- Papel e bolígrafo para tomar nota dos aportes en grupo
- Pizarra para anotar as palabras clave máis relevantes de cada grupo

O TEMPO NON
É OURO, O OURO
NON VALE NADA.
O TEMPO É
VIDA.

José Luis Sampedro

Descrición da actividade:

Explicación (5´)

A explicación a escoita todo o grupo aula para que saiban todos o que están facendo. A actividade consiste en traballar a ilustración 1. de xeito grupal seguindo as preguntas guía. Se organizan os grupos e se lles da a impresión da Ilustración 1 e as preguntas xeradoras impresas como guía para a reflexión.

Se lles indica o tempo para traballo en pequeno grupo e se informa que unha persoa leve o rol de tomar nota das diferentes ideas e aportes ás preguntas. Importante: non teñen que chegar a acordos sobre as preguntas. A idea é recoller toda a diversidade de ideas e interpretacións que hai no grupo sobre a imaxe.

Traballo en grupos (15´)

Se acorda quen recolle a información escrita. Outra persoa pode ir guiando a reflexión coas preguntas. Aportamos as preguntas xeradoras para traballo en grupo ([imprimir aquí](#)).

Posta en común (15´)

Cada grupo expón o recollido sobre as preguntas xeradoras. Os puntos en común e se tiveron discrepancias significativas ou conflitos na interpretación da imaxe.

Podemos acompañar na reflexión encamiñando a visibilizar a idea de iceberg se non o identificaron. Por experiencias con esta dinámica moitos grupos non o identifican como tal. Acompañalos na posta en común coas preguntas formuladas para ese momento.

Recoller na pizarra as palabras clave ou ideas mais relevantes de cada grupo e abrir a recoller breves aportes, comentarios, dúbidas por parte do resto da clase.

Peche 10´(común tras a posta en común das actividades)

Faremos unha síntesis das ideas principais expostas en cada grupo e pecharemos cos concepto da **interdependencia, a primacía dos traballos de coidado para a vida e a necesidade de poñelos NO CENTRO de cara a construír un mundo habitable e digno.**

Preguntas xeradoras:

Para o traballo en grupos:

- Que vedes nesta imaxe?
- Que creedes que é?
- Que significa, cal é a mensaxe?
- A completariades con algo? (texto, debuxo...)
- Que título poñeríades a esta imaxe?
- A relacionades coa nosa sociedade? Coa nosa familia?
- Vedes algo a mudar? Que?

Para a posta en común:

- Cal é a parte mais grande dun iceberg
- Que función ten a parte que non se ve?
- Qué pasa na nosa sociedade coas labores de coidados?
- Que ten máis valor as actividades que se ven ou as que non?
- Quen fai habitualmente as actividades da parte invisible?
- Que pasa co iceberg se non facemos esas actividades? Que ocurría coa parte visible?

Actividade 1.2. O valor e O precio

Tempo:

O tempo total da sesión é de 50 minutos que no caso de simultaneas a actividade 1.1 e 1.2 se fai esta proposta de distribución:

- 5 minutos para explicar esta actividade
- 15 minutos de traballo en pequeno grupo
- 15 minutos de posta en común (Segundo o tempo dispoñible pode sair só un grupo con esta actividade e o outro aportar brevemente aspectos diferentes)
- 10 minutos de peche conxunto actividade 1.1 e 1.2

Material necesario:

- Listado de actividades 1.2 ([para imprimir](#)): se imprimen e recortan para que poidan selecciónalas e traballar con elas
- Pegamento
- Cartulina ou papel A3

Descrición da actividade:

Explicación (5´)

A explicación a escoita todo o grupo aula para que saiban todos o que están facendo. A actividade consiste en seleccionar as actividades que consideran esenciais para a vida e as que non e pegalas no A3 ou na cartulina en dous bloques diferenciados.

Nesta actividade se non hay acordo será por maioría como se decida qe actividades seleccionan e en que bloque a colocan. Se organizan os grupos e se lles da recortadas de xeito independente e mezcladas todas as actividades do listado 1.2.

Se lles dan preguntas xeradoras impresas como guía para a reflexión.

Traballo en grupos (15´)

Durante 15 minutos o grupo observa todas as opcións de actividades e selecciona algunhas para ubicar e pegar no A3 distribuídas en dous bloques.

Actividades que <i>sí</i> son esenciais para a vida e as necesidades humanas	Actividades que <i>non</i> son esenciais para a vida e as necesidades humanas
---	--

Posta en común (15´)

Cada grupo expón ao resto da aula o resultado da súa selección e clasificación no A3. A persoa docente pode acompañar na reflexión sobre o resultado con algunhas das seguintes preguntas.

Peche (común para 1.1 e 1.2 tras a posta en común das actividades)

Faremos unha síntesis das ideas principais recollidas en cada grupo e pecharemos cos concepto da **interdependencia, da necesidade de poñer en valor e redistribuir os traballos de coidado para a vida e a necesidade de poñelos NO CENTRO de cara a construír un mundo habitable e digno.**

Preguntas xeradoras:

Para a posta en común:

- Dos dous bloques hai algo que vos chame atención?
- Teñen algo en común as actividades de cada bloque?
- Cales teñen máis valor, prestixio na sociedade?
- Cales teñen menos valor económico?
- Cales son máis visibles?
- Cales supoñen máis dereitos laborais?
- Quen fai as tarefas que colocastes como esenciais para a vida?
- Que pasa se non se fan esas tarefas?
- Que dificultades/barreiras hai para facelas?
- Que pasa se non se fan as actividades que considerades Non esenciais?
- Que pasaría se houberse unha folga de coidados? (onde por 24 horas as persoas que coidan non atendesen a criaturas pequenas, persoas dependentes, animais, etc?)

4.2. Sesión 2. Ecodependencia e Nova cultura da Terra

Esta sesión propón traballar dúas actividades simultaneamente na aula. Distribuimos ao alumnado en grupos de 5-6 persoas, aproximadamente. Podemos ter polo tanto dous grupos ou ata tres grupos realizando unha mesma actividade e outros dous a outra. Isto nos permitirá na posta en común enriquecer con aportes entre grupos.

Se plantexan como dúas actividades complementarias para traballar as ideas principais desta sesión abordados no marco conceptual: **ecodependencia, perspectiva ecofeminista, necesidade do cambio cultural e de valores.**

As actividades desta sesión son mais sinxelas de realizar polo que se pode dedicar mais tempo a posta común e reflexión. Recomendamos facer as dúas en sesión simultánea.

Actividade 2.1. ECO-EGO

Tempo:

- 5 minutos para explicar a actividade.
- 15 minutos de traballo en pequeno grupo.
- 15 minutos de posta en común.
- 10 minutos de peche conxunto actividade 2.1 e 2.2

Material necesario:

- Ilustración 2b ([para imprimir](#))
- Preguntas xeradoras ([para imprimir](#))
- Ilustración 2a (con palabras) proxectar
- Papel e bolígrafo

Descrición da actividade:

Explicación (5´)

A explicación a escoita todo o grupo aula para que saiban todos o que están facendo. A actividade consiste en analizar en pequeno grupo a Ilustración 2b guiados polas preguntas xeradoras

Non teñen que chegar a acordos no grupo sobre o que lles suxire a ilustración. O importante é recoller todos os aportes, a diversidade de ideas.

Se organizan os grupos e se lles da a ilustración 2b e a guía de preguntas.

Unha persona será responsable de anotar os aportes e debates principais para a posta en común.

Traballo en grupo (15´)

O grupo terá 15 minutos para opinar sobre a ilustración empregando a guía como apoio.

Posta en común (15´)

Cada grupo conta as ideas principais aportadas e os acordos e desacordos mais relevantes. A persoa docente pode ir acompañando e guiando a exposición seguindo as preguntas xeradoras.

Preguntas xeradoras:

Para o traballo en grupo:

- Que ves nesta imaxes?
- Que significa cada unha delas?
- Que título lle poñerías a cada unha?
- Crees que algunha representa a sociedade actual na que vives? Por qué?
- Coñeces algunha sociedade, pobo, que te recorde máis á outra imaxe?
- Cal te parece mellor de cara ao futuro do planeta?
- Crees que é posible o cambio? Sería necesario? É desexable?
- Que se vos ocorre que facilitaría este cambio?
- Que cosas actúan como barreiras ou obstáculos para ese cambio?

Actividade 2.2. Outro conto

Tempo:

- 5 minutos para explicar a actividade.
- 15 minutos de traballo en pequeno grupo.
- 15 minutos de posta en común.
- 10 minutos de peche conxunto actividade 2.1 e 2.2

Material necesario:

- Texto do conto O Pescador I listaxe preguntas ([para imprimir](#))
- Papel e bolígrafo

Descrición da actividade

Traballo en grupo (15')

O grupo dispón de 15 minutos para traballar. Unha persoa lee o texto. Outra vai plantexando as preguntas xeradoras e unha terceira toma nota das diversas ideas e aportes.

Peche (común para 2.1 e 2.2 tras a posta en común das actividades)

Faremos unha síntese das ideas principais recollidas en cada grupo e pecharemos clarificando conceptos da **ecodependencia; vulnerabilidade; necesidade de cambio de paradigma cultural, tomando como referencia os contidos expostos no marco conceptual e material complementario que se enlaza.**

Texto:

Unha tarde, un executivo estadounidense pasaba casualmente por unha praia de México. Alí viu un home novo sentado na area, tomándose unha cervexa á sombra mentres gozaba da compañía da súa familia. O home de negocios preguntoulle:

Ola. Desculpe que lle interrompa, pero vin que está sentado aquí un día entre semana. Está vostede de vacacións? Quizais este sen emprego?

Para nada. Son pescador. O que ve alí é o meu barco. Esta mañá saín a pescar e agora estou a gozar do resto do día coa miña familia.

Interesante. Supoño que esas augas son moi xenerosas en peixes. É así?

Efectivamente, nun par de horas consigo o suficiente para vender o peixe no mercado e que á miña familia non lle falte nada.

Pero non o entendo. Se tan fácil é pescar, por que non sae vostede todo o día?

Para que?

Porque así conseguiría moitos peixes, e ao cabo dun intre podería comprar outro barco e contratar a outro pescador.

Para que?

Porque así gañaría aínda máis diñeiro, e podería comprar máis barcos e contratar a máis pescadores.

Xa, enténdoo, pero para que?

Porque así despois de moitos anos de duro traballo, probablemente conseguiría unha empresa líder no sector da pesca. Mesmo poida que puidese cotizar en bolsa, e cando se xubile, vostede tería unha fortuna.

E para que vou querer iso?

Porque cando teña esa fortuna, vostede poderase retirar nalgunha praia, e gozar da vida ao sol en compañía da súa familia.

???

Preguntas xeradoras:

Para o traballo en grupo:

- Que crees que quere contar esta historia?
- Con quen te identificas mais das personaxes? Por que?
- Cal crees que sería máis e menos valorado na nosa sociedade actualmente? Explicade vosas razóns.
- Que aprendizaxes podemos sacar desta historia para a sociedade actual?
- Crees necesario facer este cambio de valores ou de mentalidade? É desexable?
- Que cousas vedes que actúan como barreiras para ese cambio?
- Que se vos ocorre que facilitaría este cambio? Que pasos se vos ocorre que se poden dar?

4.3. Sesión 3. Un mundo de moito coidado

A sesión 3 é unha proposta aberta a deseñar polo profesorado e o alumnado a partir do que lle suxira o material expositivo que elaboramos nesta Fase 3 “Un mundo de moito coidado”

Tempo:

O tempo pode ir desde unha sesión a varias, dependendo do que se poida dispoñer, da profundidade ou temas que se queiran traballar... Deixamos aberto este aspecto porque é un material flexible.

Material necesario:

- Ilustracións correspondentes á exposición Un mundo de moito coidado
- O material está accesible para [descargar](#) íntegramente e poder imprimir, proxectar ou empregar como sexa necesario
- Outro material dependerá das actividades que se plantexen

Descrición da actividade

Imos describir o material xa que as actividades posibles quedan abertas aás propostas que poida suxerir.

Explicación do material

“Un mundo de moito coidado” como material pode ser impreso a gran tamaño para expoñer nos centros educativos, moi sinxelo é visual, e cunha estética coidada en sintonía co material das unidades didácticas Participar para Coidar. O elaboramos como contido complementario a estos materiais e pode ser empregado tamén de xeito independente. Pode ser proxectado ou impreso en papel para traballar en sesións de aula.

Máis que unha exposición cargada de datos ou contidos o que pretende é actuar como elemento disparador de reflexión e investigación por parte do alumnado e profesorado a partir dalguns datos significativos, dun deseño gráfico sinxelo e dunha proposta que plantexa a mirada crítica cos temas seleccionados, así como a mirada apreciativa ofreciendo alternativas de acción.

Todo o material trata de incluír de xeito transversal:

- Unha perspectiva global-local. Mostrar datos e indicadores do impacto diferencial, nos países empobrecidos e enriquecidos, do modelo de desenvolvemento actual
- Evidenciar o desigualdade na responsabilidade por territorios na superación dos límites planetarios.
- Perspectiva de xénero e interseccional: mostrando algúns datos que den conta das desigualdades xeradas polos modelos de consumo e produción que descansan no incremento de brechas e desigualdade no que se cruzan o extractivismo de bens e recursos en determinados territorios coas variables de racialidade, xénero, idade, etc
- Como decíamos combinar a mirada crítica coas alternativas próximas individuais e colectivas que sirvan para ter presente non só a idea de corresponsabilidade, senón a idea de poder creativo e transformador que temos .

“Un mundo de moito coidado” consta de 9 paneis. 6 paneis temáticos que abordan aspectos sobre tres dos sectores productivos máis contaminantes, un panel de portada-presentación, un panel de cuestionamiento inicial e un panel de peche.

Panel 0: portada e presentación

A ilustración da portada da exposición é compartida coas unidades didácticas Participar para coidar. Esta ilustración reflicte en cada círculo unha das 4 fases do proxecto Participar para coidar, que comparten imaxe e título coas unidades didácticas que xorden dos obradoiros realizados con alumnado da ESO en cada fase. Fase 1: Habitando a propia Pel; Fase2: Pel con Pel; Fase 3: A pel do Mundo; Fase 4: Mudando Peles.

Panel 1: Preguntándonos sobre os coidados

Ubícanos no plano dos coidados. Preguntando sobre o propio título da exposición e polas nosas actividades como persoas coidadoras e coidadas ao mesmo tempo. Se trata de levarnos a pensar neste tema cunhas preguntas sinxelas sobre a nosa vida cotiá.

Panel 2-3: o sector da enerxía

“Que a enerxía non nos esgote: podemos consumir e producir de forma ilimitada?”: mostra datos básicos sobre o consumo de enerxías fósiles e o seu impacto ambiental. Principalmente queremos facer reflexionar sobre a desigualdade de consumo e polo tanto de responsabilidade, tanto interna (nos países) como entre diferentes territorios

“Menos para vivir mellor”: ofrece alternativas ao modelo actual extractivista e capitalista a través do modelo das 8 R do economista francés Serge Latouche. Superamos xa o modelo das 3 R clásico de Reducir-Reutilizar-Reciclar e se incorporan as R que aporta o pensamento crítico do decrecentismo do que falamos no marco conceptual. Unha R fundamental ten que ver coa xustiza social e se trata da Redistribución dos bens e recursos. O crecemento no modelo de acumulación e capitalista non é garantía, en absoluto, de xustiza e igualdade.

Por outra banda se ilustra sobre fontes alternativas de enerxía, que nunca serán suficientes se non reducimos a produción e o consumo a través das opcións das 8 R. Podemos facer unha investigación-reflexión sobre as esperanzas postas na tecnoloxía ou nas enerxías “limpas” como solución para seguir mantendo o nivel de consumo e produción. Lembrar os 9 límites da Terra, no se trata solo dunha superación dos factores climáticos ou enerxéticos. Por outra banda incluímos unha “alerta” no QR sobre os impactos negativos que está manifestando a proliferación a nivel industrial do desenvolvemento destas enerxías. A implantación de grandes parques de produción de enerxía solar ou eólica está tendo un negativo impacto social, ambiental e económico nos territorios nos que se desenvolven, zonas rurais que é preciso mais que nunca manter, coidar e revitalizar.

Panel 4-5: o sector téxtil

“Que a roupa non nos descoide: podemos protexer a nosa pel se danamos a pel do mundo?”: con esta pregunta remitimos ao concepto de coidados, protección, vulnerabilidade e principalmente da ecodependencia. Poñer a atención na contradición de cubrir e protexernos coas roupas, no marco dun modelo de industrial téxtil “fast fashion” que arrasa co planeta como segunda industria contaminante. Se ofrecen datos do impacto ambiental da produción téxtil e dos residuos dese modelo de consumo que ya se está comezando a regular desde instancia como a UE. O impacto sobre as persoas e os dereitos humanos está tamen presente e pode ser unha vía de traballo e análise na que aprofundar.

“De residuo a recurso”: pon o foco non só no decrecemento senon en outras alternativas as prendas que cada vez teñen máis aceptación, se están regulando e mesmo as grandes marcas inclúen dentro das súas estratexias de negocio (segunda man, economía circular).

Ao tempo precisamos seguir avanzando na mudanza cultural que posibilite coidar a nosa primeira pel ao tempo que coidamos a pe do mundo. Neste sentido mostramos algúns recursos a través de códigos QR sobre a tendencia Slow fashion que é preciso poñer en valor, así como alertas sobre as estratexias de greenwashing que moitas empresas moi contaminantes están poñendo en marcha, como unha vía de negocio máis e sen vontade transformadora real.

Panel 6-7: sector alimentación

“Que a comida non nos devore: podemos alimentar a nosa saúde se non alimentamos a do planeta?”: apela a unha reflexión similar a do sector téxtil que ten que ver coa ecodependencia. A alimentación como sector esencial para nosa supervivencia e cuxo modelo industrial ten un impacto negativo para a saúde humana de xeito directo a través de alimentos que nos enferman, como do planeta a través de impactos ambientais diversos. Se aportan datos sobre impacto ambiental do modelo productivo e sobre un modelo que tira alimentos por razóns estéticas e económicas. Tamén se visibiliza a enorme desigualdade social entre territorios e os impactos na saúde en poboacións do sur de modelos de monocultivo para os países enriquecidos.

“A Túa cesta, o teu poder”: un chamado á responsabilidade individual e colectiva e a acción cotiá. Somos cidadanía e consumidores nun modelo capitalista de consumo. Apelamos a tomar conciencia da nosa capacidade para transformar a través das nosas decisións de compra desde unha perspectiva de coidados. Pensemos en que medida as decisións de compra que facemos coidan de nós mesmas, das comunidades e as relacións humanas e do planeta. En que medida contribúen a aumentar ou disminuir a desigualdade entre territorios, clases sociais, homes ou mulleres, etc. Isto implicará un consumo máis consciente buscando información sobre as opcións hexemónicas e as alternativas.

Panel 8: chamado á acción

Pechamos cun convite a tomar conciencia da propia pel, das emocións, seguramente diversas que nos xera toda esta información. Temos que ser conscientes desto para transitar cara a acción. Permitir todas as emocións que xurdan pero buscar alianzas e redes que nos axuden a pasar de emocións evasivas e paralizantes a emocións máis esperanzadoras e transformadoras.

Tomar conciencia de que os cambios comezan na propia pel, na propia conciencia e no desenvolvemento persoal, pero sempre en interacción con outros e outras, nun proceso de retroalimentación. Pensamos que a tendencia actual ao peso no desenvolvemento persoal, moi desligado do colectivo non é máis que unha intensificación da cultura e o modelo liberal e individualista. Non hai mudanza colectiva sen a toma de conciencia e a reflexión persoal, pero éstas únicamente non son suficientes. Precisamos da acción colectiva para os desafíos que temos como sociedade e tamén nesta acción colectiva crecemos como individuos de xeito consciente, corresponsable e solidario.

Desde aquí facemos o tránsito a Fase 4 Mudando Peles.

Algunhas posibilidades de traballo...

1. Investigar sobre as diferencias entre desenvolvemento sostible e decrecemento.
2. Aprofundar por grupos de traballo nos datos aportados sobre cada sector. Buscar exemplos ilustrativos, estudos de caso a partir dos datos que se recollen.
3. Investigar e debatir sobre o impacto dos parques solares e eólicos nos territorios da "España vaciada". Que consecuencias denuncia a poboación afectada? Que empresas son promotoras destes proxectos? Que observan as asociacións ecoloxistas?
4. Indagar sobre campañas de publicidade, produtos ou servizos de grandes empresas, ou campañas de responsabilidade social corporativa que poidan encaixar no concepto greenwashing.
5. Indagar na diferenza entre seguridade alimentaria e soberanía alimentaria.
6. Elaborar unha cartografía da produción textil coas roupas que toda a aula leva posta.
7. Elaborar un mapeo de iniciativas de consumo responsable na vila, cidade: tiendas de produtos de proximidade; reparación de calzado, roupas, aparatos; cooperativas de consumo ecolóxico; tendas segunda man; espazos ou iniciativas de troco; empresas que traballan co reciclaxe, economía circular, etc.

5. Listaxe de ilustracións

Ilustración 1. Iceberg economía feminista

Ilustración 2a. Eco-Ego (con palabras)

Ilustración 2b. Eco-Ego (sen palabras)

Ilustración 3. Os 9 Límites planetarios

Ilustración 4. Frase proverbio indio

Ilustración 5. Frase José Luis Sampedro

6. Referencias bibliográficas

Colegio FUHEM Hipatia. (2017). Educación ecosocial. Recuperado de <https://colegiohipatia.fuhem.es/ecosocial/educacion-ecosocial.html>

Díaz Nicolás, J. (2011) ¿Regreso a los valores materialistas? El dilema entre seguridad y libertad en los países desarrollados. <https://recyt.fecyt.es/index.php/res/article/view/65256/39548>

Domínguez Folgueras, M. (2019) ¿Cuánto vale el trabajo doméstico en España? <https://elobservatoriosocial.fundacionlacaixa.org/es/-/%C2%BFcu%C3%A1nto-vale-el-trabajo-dom%C3%A9stico-en-espa%C3%B1a->

Ecologistas en Acción (2015) 99 preguntas y 99 experiencias para aprender a vivir en un mundo justo y sostenible. <https://www.ecologistasenaccion.org/wp-content/uploads/adjuntos-spip/pdf/99-preguntas.pdf>

Ecologistas en Acción (2023) Documentos Nueva cultura de la Tierra. <https://www.ecologistasenaccion.org/302036/documentos-nueva-cultura-de-la-tierra/>

Economistas sin Fronteras (2017) Economía feminista: visibilizar lo invisible. https://ecosfron.org/wp-content/uploads/Dossier-29_finales.pdf

Hábitat Social. (2014). Derecho ao Hábitat. Guía para o profesorado. A Coruña: Arquitectura sen Fronteiras. <https://recursoseducativosasfes.wordpress.com/portfolio/dereito-ao-habitat/>

HIC-AL. (2004). Carta Mundial por el Derecho a la Ciudad. <https://hic-al.org/wp-content/uploads/2019/03/Carta-Mundial-Derecho-a-la-Ciudad.pdf>

Ine: encuestas usos del tiempo. <https://www.ine.es/>

Instituto Aragonés de la Mujer (2021) El valor del trabajo de los cuidados no remunerados en Aragón. https://bibliotecavirtual.aragon.es/repos/es/catalogo_imagenes/grupo.do?path=3720465

Monasterio Martín, M. (2013) Propuestas ecofeministas ante las crisis sistémicas. Política del decrecimiento. EKO-FEMINISMO. Curso Mundubat. donostia-2013. <https://www.mundubat.org/wp-content/uploads/archivos/201412/texto-decrecimiento-ecofeminista.pdf>

Monasterio Martín, M y Weingärtner, J. (2010). Poner la vida en el centro: respuestas del ecofeminismo y del decrecimiento a la UE. <https://www.ecologistasenaccion.org/16371/poner-la-vida-en-el-centro-respuestas-del-ecofeminismo-y-del-decrecimiento-a-la-ue/>

Pérez Orozco, A.(2010) Cadenas Globales de Cuidados. <https://trainingcentre.unwomen.org/instraw-library/2010-R-MIG-GLO-GLO-SP.pdf>

Puleo, A. (2011). Ecofeminismo para otro mundo posible. Barcelona: Cátedra

Torres Solín, M. (2019) Buen vivir y vivir bien: alternativas al desarrollo en latinoamérica. Latinoamérica. Revista de estudios latinoamericanos. <http://latinoamerica.unam.mx/index.php/latino/article/view/57106/50899>

Vandana, S. e Mies, M. (2013). Ecofeminismo: Teoría, Crítica y perspectivas. Barcelona: Icaria. <https://traficantes.net/sites/default/files/pdfs/9788498886924.pdf>

Zygmunt Bauman: sociedad de consumo. <https://apuntesfilosoficos.cl/sociedad-de-consumo-zygmunt-bauman/>

7. Outros recursos

ASF Galicia: VI Seminario Hábitat a Escala Humana. <https://www.galicia.asfes.org/vi-edicion-do-seminario-habitat-a-escala-humana-entre-paradigmas/>

ASF Galicia: VII Seminario Hábitat a Escala Humana. <https://www.galicia.asfes.org/vii-edicion-do-seminario-habitat-a-escala-humana/>

ASF Galicia: VIII Seminario Hábitat a Escala Humana. <https://www.youtube.com/watch?v=6mRTdQaTp4A&t=1s>

Actúa con Coidados. <https://www.intered.org/es/que-hacemos/campanas/actua-con-cuidados>

Estocolmo Center Resilience. <https://www.stockholmresilience.org/research/planetary-boundaries.html>

Fundación Interred. <https://intered.org/es>

Gapminder. <https://www.gapminder.org/dollar-street?media=all&min=29&lng=es-ES>

IPCC Intergovernmental Panel on Climate Change. https://archive.ipcc.ch/home_languages_main_spanish.shtml

Teachers for Future. <https://teachersforfuturespain.org/materiales-escolares/>

Tiempo de actuar. <https://tiempodeactuar.es/>

UN. (2015). Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/sustainable-development-goals/>

